

PROXECTO INTERDISCIPLINAR 1º da ESO

O proxecto interdisciplinar é un achegamento do alumnado a un modo de traballar metódico que lle permita aplicar os procedementos e habilidades aprendidas, favorecendo a curiosidade e o interese. É un achegamento conxunto e compartido, dende varias materias, ás competencias básicas.

Obxectivos:

- Buscar información, selecciónala, compartila e traballala en grupo.
- Desenvolver as súas capacidades para aprender a aprender.
- Aumentar o seu grao de autonomía. Ser protagonistas da súa aprendizaxe.
- Construír un coñecemento global a partir de diversos puntos de vista disciplinares.
- Facilitar o tránsito do ensino primario ao secundario.
- Presentar o traballo desenvolvendo a expresión oral, escrita e en soporte informático.

Contidos:

1.- Onde e como vivimos.

- O mundo hoxe. Desigualdades, mundo rico mundo pobre. Os obxectivos do milenio.
- Megacidades, cidades, vilas, lugares, barrios, tipos de vivendas. Estructuras organizativas, parroquias, concellos, CCAA.
- Problemas ambientais actuais.

2.- De onde vimos.

- Prehistoria. Historia antiga (celtas romanos). Idade Media e etapa preindustrial (suevos, visigodos, árabes). Idade Moderna e Contemporánea, etapa industrial. Como vivían.

3.- O medio no que estamos

- As actividades económicas.
- Distintos xeitos de vida e de relación co medio.
- A paisaxe, a flora a fauna.
- Funcións económicas e non económicas da natureza. Sistema económico, subsistema da Biosfera. O desenvolvemento sustentábel.

4.- O Patrimonio.

- O que vemos, arquitectura, pintura, escultura.
- O Patrimonio inmaterial, tradicións orais, artes del espectáculo, usos sociais, rituais, actos festivos, coñecementos e prácticas relativas á natureza e o universo, saberes e técnicas da artesanía tradicional.

5.- O que escoitamos e lemos.

- A música tradicional. Outras músicas
- O que escribimos e lemos Mendiño, Rosalía de Castro ou Uxío Novoneira.

6.- Suxestións e propostas de solución dalgún problema actual baixo o marco dunha educación para o desenvolvemento sustentábel.